

Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais (sector privado)

Resumo de resultados 13/12/2024

Índice

Introdución.....	1
Emprego.....	2
Ingresos e gastos.....	4
Investimentos.....	5
Número de prazas	8

Introdución

O Instituto Galego de Estatística (IGE) presenta os resultados da [Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais](#). A información subministrada será empregada para a súa integración nas [Contas económicas anuais](#), que teñen como obxectivo analizar e avaliar a estrutura e evolución da economía galega no seu conxunto e as súas compoñentes de oferta, demanda e rendas. Trátase de obter información útil para elaborar as contas de produción e explotación de cada sector institucional (sociedades non financeiras, fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares), así como obter un mellor coñecemento dos servizos prestados polas entidades obxecto da enquisa e as súas necesidades. Esta operación estatística conta, ademais, cun módulo dedicado ao estudo do investimento levado a cabo por estas entidades e sobre a oferta de prazas nelas (residenciais ou non).

Esta enquisa figura no Programa Estatístico do ano 2024, no marco da operación [2506-06-OE06](#); está dirixida a empresas, institucións privadas sen fins de lucro e persoas físicas cuxa actividade principal se integre dentro da división 87 da CNAE-2009 (asistencia en establecementos residencias) ou 88 (actividades de servizos sociais sen aloxamento).

Nesta enquisa non recabamos datos de organismos públicos que poidan ofrecer estas actividades, como é o caso por exemplo do "Instituto De Mayores Y Servicios Sociales" (IMSERSO).



Emprego

Nas entidades prestadoras de servizos sociais o emprego feminino supera ao masculino. As mulleres representan o 85,7% das persoas asalariadas en 2021 e o 86,2% en 2022. Estas porcentaxes baixan ao tratarse do traballo por conta propia; neste caso, o sexo feminino representa o 71,8% das persoas que traballaban por conta propia nas entidades prestadoras de servizos sociais en 2021 e o 72,5% en 2022.

Emprego nas entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o sexo e o tipo de empregado/a. Galicia. Ano 2022

Unidade: persoas

Sexo	Asalariados/as	Traballadores/as por conta propia	Voluntarios/as
Total	30.366	1.435	10.052
Homes	4.184	395	3.743
Mulleres	26.183	1.040	6.310


Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Un dato a subliñar, que fai destas unhas entidades “especiais”, é que as persoas que prestan os seus servizos voluntariamente, sen percibir a cambio unha remuneración, supoñen o 21,4% do persoal empregado por estas entidades en 2021 e o 24% en 2022, porcentaxes moi elevadas se se comparan con outro tipo de entidades.

Emprego nas entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o tipo de empregado/a. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

- Asalariados/as
- Traballadores/as por conta propia
- Voluntarios/as



Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Ingresos e gastos

A meirande parte dos ingresos das entidades prestadoras de servizos sociais proceden de “ingresos correntes por prestación de servizos” (o 83,3% do total de ingresos).

Ingresos das entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o tipo de ingreso. Galicia. Ano 2022

Unidade: miles de euros, porcentaxe (%)

Tipo de ingresos	Miles de euros	Porcentaxe
Ingresos correntes por prestación de servizos e vendas	861.205	83,3
Outros ingresos	4.486	0,4
Ingresos por subvencións, doazóns, legados e outras aportacións	167.753	16,2

Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Con respecto aos gastos, a partida que máis pesa é a de “gastos de persoal”: os soldos e salarios dos traballadores e das traballadoras destas entidades supoñen o 71,5% en 2022. Os gastos en aprovisionamentos supoñen o 13,4% dos gastos totais e a partida “servizos exteriores” supón o 15,1% restante.

Gastos das entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o tipo de gasto Galicia. Ano 2022

Unidade: miles de euros, porcentaxe (%)

Tipo de gastos	Miles de euros	Porcentaxe
Gastos de persoal	627.192	71,5
Servizos exteriores	132.280	15,1
Aprovisionamentos	117.578	13,4

Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Investimentos

En 2022 as entidades prestadoras de servizos sociais investiron 75.033.740 euros en inmovilizado material e inmaterial. A meirande parte do investimento realizado en 2022 por este tipo de entidades corresponde ao grupo de IPSFL, co 61,6% do investimento total, seguido do grupo das sociedades, que realizaron o 38,2% do investimento total.

Investimentos nas entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o tipo de entidade. Galicia. Ano 2022

Unidade: miles de euros, porcentaxe (%)


Entidades	Total	Porcentaxe
Total	75.034	100,0
Sociedades	28.673	38,2
IPSFL	46.211	61,6
Persoas físicas	150	0,2

Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

O 40,5% das institucións prestadoras de servizos sociais con actividade económica en Galicia espera invertir menos en inmovilizado material para o ano 2024; o 29,8% espera invertir máis e o 29,8% espera invertir a mesma cantidade que no ano anterior.

Previsión de investimentos en inmovilizado material das entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o tipo de entidade. Galicia. Ano 2024


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Previsión de investimentos en inmovilizado inmaterial das entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o tipo de entidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Número de prazas

Na categoría de prazas residenciais inclúense aquelas ocupadas por menores en casas de acollida, por residentes en centros de maiores e por residentes en centros para persoas con algunha discapacidade. O número de prazas residenciais nas entidades prestadoras de servizos sociais con actividade en Galicia a 31 de decembro de 2021 era de 25.791; aumentou lixeiramente en 2022, ata chegar ás 26.212 prazas. A porcentaxe de ocupación destas prazas é do 93%; esta porcentaxe sobe ata case o 100% no caso das prazas públicas (o 96,7% en 2021 e 97,8% en 2022). As porcentaxes máis baixas de ocupación atópanse nas prazas residenciais privadas (non financiadas) ; con todo, neste caso supérase o 84% de ocupación no ano 2022.

O 73,2% das prazas residenciais nas entidades privadas prestadoras de servizos sociais de Galicia son de titularidade privada.

Prazas residenciais en entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o financiamento da praza. Galicia. Ano 2022

Unidade: prazas, porcentaxe (%)

Titularidade	Número de prazas dispoñibles	Número de prazas ocupadas	Porcentaxe de ocupación
Total	26.212	24.384	93,0
Públicas	7.032	6.880	97,8
Privada parcialmente financiada	3.364	3.229	96,0
Privada non financiada	15.816	14.274	90,3

Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))



Nota: consideramos prazas privadas non financiadas as que están pagadas na súa totalidade polo residente, praza privada financiada é a que está pagada nunha parte pola Administración (libranza) e noutra polo residente e praza pública é a que está financiada na súa totalidade pola Administración

O 9,7% das prazas residenciais están ocupadas por persoas de 50 ou menos anos; se desagregamos polo sexo da persoa, esta porcentaxe sobe ata o 16,5% no caso dos homes. Por outra banda, o 61% das prazas residenciais están ocupadas por persoas maiores de 80 anos e, neste caso, ao desagregar por sexo, a porcentaxe de prazas ocupadas por mulleres que superan esta idade é superior á de homes (68,9% no caso feminino fronte a 47,2% no caso dos homes).


Distribución das prazas residenciais en entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o sexo e a idade da persoa. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Homes



Mulleres



Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Na categoría “prazas non residenciais” inclúense aquelas ocupadas por menores en garderías ou escolas infantís, por maiores que asisten a centros de día e por persoas que asisten a centros que atenden necesidades especiais.

O 51% das prazas non residenciais totais en entidades prestadoras de servizos sociais estaban ocupadas en 2022 por persoas menores de 50 anos (fundamentalmente, por menores en garderías). O 62,8% dos homes que ocupan prazas non residenciais atópase nesta franxa de idade, mentres que no caso das mulleres a porcentaxe baixa ao 41,1%. O grupo de maior idade, o composto por persoas maiores de 80 anos, ocupa o 22,1% das prazas non residenciais e, como acontecía coas prazas residenciais, a porcentaxe de ocupación feminina neste grupo supera á de homes.

Distribución das prazas non residenciais en entidades prestadoras de servizos sociais, segundo o sexo e a idade da persoa. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Idade	Total	Homes	Mulleres
De 50 ou menos anos	51,0	62,8	41,1
De 51 a 60 anos	7,3	8,6	6,3
De 61 a 70 anos	6,8	6,3	7,2
De 71 a 80 anos	12,8	9,0	15,9
Maiores de 80	22,1	13,3	29,5

Fonte: IGE. Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais ([descarga da táboa](#))

Nota: consideramos prazas privadas non financiadas as que están pagadas na súa totalidade polo residente, praza privada financiada é a que está pagada nunha parte pola Administración (libranza) e noutra polo residente e praza pública é a que está financiada na súa totalidade pola Administración

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia_enquisa_entidades_servizos_sociais_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>